



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Manuel Castro Uzal  
D. Raúl Varela Fraguio

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e dous minutos do día dezanove de setembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, don Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **ÚNICO.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO "SEGURO OBRIGATORIO DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE CAMBRE". EXPEDIENTE TEDEC 2025/C002/000030**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de setembro de 2025 (CVD: y+F73QZZImij6HmdXSGC), que transcrita di:

#### **«PROPOSTA EXP 2025/C002/000030**

Visto o expediente de contratación tramitado para a contratación, como contrato menor, do servizo "Seguro obligatorio da flota de vehículos do Concello de Cambre" (expediente TEDEC 2025/C002/000030) no que figuran, entre outros, os seguintes antecedentes:

Visto o procedemento tramitado para á contratación do "contrato menor de seguro obligatorio da flota de vehículos", cun orzamento base de licitación de 10.159,75 euros sen IVE (TEDEC 2025/C002/000030).

Visto a proposta do Concelleiro de delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico, de data 4 de setembro de 2025 (CVD: a5gByUtcd5t0QEWiiD5x).



Visto o informe de da técnica de xestión de Administración Xeral interina, con conforme do Secretaria Xeral, de data 4 de setembro de 2025 (CVD: 1USxLIAJZInpE96qIXP9) no que se informa desfavorablemente a contratación polas consideracións que nel se conteñen.

Visto o informe de intervención de 8 de setembro de 2025 (CVD: wgOunMjef3gWXcOFTJVM) no que, entre outras cousas sinala: "...A base 26.2ª das de execución do orzamento 2024 prorrogado do Concello de Cambre dispón: "(...) 2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas: (...) Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal. (...)" Revisado o expediente, NON consta en ningún dos documentos examinados referencia alguna a este aspecto polo que se entende que non foi informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente de contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo por esta intervención..." e conclúe que "...Ao abeiro da consideración segunda : En ningún dos documentos transcritos faise referencia algunha a non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación polo que, ante o incumprimento deste requisito e por aplicación do disposto na base 26.2º das de execución do orzamento 2024 prorrogado ao 2025, emítese un **reparo suspensivo** á contratación ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL."

Visto o informe do técnico de administración xeral, de data 12 de setembro de 2025 (CVD: DK/toXijBHXqT8r059dC) no que conclúe: "...O contrato en tramitación ten por obxecto cubrir unha necesidade perentoria, que é contar co seguro obrigatorio para a flota de vehículos municipais.

- Os citados vehículos, en especial os da Policía Local e Protección Civil, son necesarios para atender a competencias municipais de carácter obrigatorio, de acordo co disposto polo artigo 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Non obstante o anterior, consta no expediente informe desfavorable da Técnico de Xestión de Administración Xeral interina (CVD: 1USxLIAJZInpE96qIXP9) no que se conclúe que non se dan os requisitos para considerar a presente contratación como urxente, sen que tampouco se poida utilizar a figura do contrato menor.
- Corresponde polo tanto aos órganos decisorios do Concello, baixo a súa responsabilidade, a adopción das medidas necesarias para atender á prestación das citadas competencias.
- Por outra parte, consta reparo suspensivo da Intervención municipal (CVD: wgOunMjef3gWXcOFTJVM) por non figurar no expediente informe do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor no que se indique que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece no seu artigo 99.2 que non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.
- A xunta Consultiva de Contratación Pública del Estado tense pronunciado sobre a citada cuestión en diversas ocasións, como nos informes 31/2012 y 86/2018, entre outros, nos que se indica que: "...existe fraccionamiento del objeto del contrato siempre que se divida este con la finalidad de eludir los requisitos de publicidad o los relativos al procedimiento de adjudicación correspondiente, y ello, aunque se trate de varios objetos independientes, si entre ellos existe la necesaria unidad funcional u operativa. Correlativamente, no existirá fraccionamiento siempre que se trate de diversos objetos que no estén vinculados entre sí por la citada unidad...  
Con base en las anteriores premisas, resulta determinante para concluir cuándo media identidad o equivalencia entre las distintas prestaciones, el concepto de unidad funcional u operativa, es decir, la existencia de un vínculo operativo entre dichos objetos, de tal modo que resulten imprescindibles para el logro que se pretende conseguir mediante la celebración del contrato. Si tal circunstancia se da, la división del contrato implicaría un fraccionamiento no justificado dado que el objeto del contrato es único."

En vista do exposto, se ben non consta no expediente informe da xefatura da área no que expresamente se indique que non se fraccionou o obxecto do contrato, non se aprecia que se teña dividido o presente

*contrato coa finalidade de eludir os mencionados requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación, ao atoparnos perante un único contrato para atender a un obxecto único, que é a suscripción do seguro obrigatorio da flota de vehículos propiedade do concello de Cambre, todo isto sen prexuízo dos demais incumprimentos indicados nos mencionados informes da Técnico de Xestión de Administración Xeral interina e da Interventora municipal.*

*Polo tanto, e de conformidade co artigo 15-2 do Real Decreto 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais do sector público local, expoño as anteriores consideracións a alcaldía para a súa resolución polos fundamentos e argumentos expostos no presente informe.”.*

Vista a resolución da Alcaldía de data 16 de setembro de 2025 (CDV: sTpGcRdZZmIW63m6XBfl ) na que, ente outras cousas, **resolve** “...Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe referencia “ASUNTO: Proposta do Concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico de contrato menor de seguro obrigatorio da flota de vehículos”, de data 8 de setembro de 2025 (CVD: wgOunMjef3gWXcOFTJVM) a efectos de continuar coa tramitación do procedemento.”.

Considerando urxente proceder á contratación do seguro obrigatorio da flota de vehículos do Concello de Cambre, toda vez que caducou a póliza anterior Visto o disposto nos artigos 19.8, 118 , e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de outubro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

#### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2025/C002/000030 cuxo obxecto é a contratación dunha póliza de seguro para a flota de vehículos de o Concello de Cambre.

**Segundo:** Adxudicar o contrato menor á empresa OCCIDENT GCO, S.A.U de Seguros y Reaseguros con NIF a-28.119.220 por importe de 10.159,75 euros (IVE 0%).

**Terceiro:** Designar responsable do contrato ao Xefe do Area de Urbanismo e Réxime Interior.

**Cuarto:** Notificar ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas, con incorporación da correspondente factura, unha vez conformada pola responsable do contrato.

**Quinto:** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TEdC, á interventora municipal para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Sexto:** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TEdC, á técnica de xestión de administración xeral responsable de Contratación para os efectos de dar cumprimento á publicidade esixida polos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Setimo:** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TEdC, ao responsable do contrato

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente proposta pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).



O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 16 de setembro de 2025 (CVD: y+F73QZZImij6HmdXSGC), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo